Concello de Ribeira

*Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle*

# ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO

## 29 DE SETEMBRO DE 2025

No Salón de Actos do Auditorio Municipal (*por mor das obras de rehabilitación que se levan a cabo na Casa Consistorial de Ribeira),* sendo as **vinte horas** do **luns 29 de setembro de 2025** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde D. Luis Antonio Pérez Barral o 24-09-2025*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario.

*A celebración do pleno adopta a modalidade de **"presencial"** según **Decreto de Alcaldía de data 24 de setembro de 2025***

| |
|---|
| **Partido Popular (PP)** |
| 1.-María José Sampedro Fernández |
| 2.-Ana Isabel Barreiro Rego |
| 3.-Alejandro Vidal Álvarez |
| 4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral |
| 5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal. |
| 6.-Victor Reiriz Lampón |
| 7.-Ramón José Doval Sampedro |
| 8.-Carmen Pérez Gómez. |
| 9.-Eladio Muñiz Muñiz |
| 10.-Juana María Brión Santamaría |
| |
| **Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)** |
| 1.-Luis Antonio Pérez Barral |
| 2.-María Cruz Rivadulla Márquez |
| 3.-Genoveva María Betanzos Fernández |
| 4.-Antia Alberte Maneiro |
| 5.-Xabier Vidal Peón |
| |
| **Partido Barbanza Independiente (PBBI)** |
| 1.-Vicente Mariño de Bricio, |
| 2.-Maria Herminia Pouso Maneiro |
| 3.-Juan Luis Furones Ramos, |
| 4.-Tania Redondo Fernández |
| 5.-Fernando Abraldes Pérez |
| |
| **Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)** |
| 1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer |
| |

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, D. Juan Manuel Salguero del Valle, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo. D. Pablo Bao Castro.



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8

07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025<br>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45 | DOCUMENTO: 20251653139<br>Fecha: 03/10/2025<br>Hora: 15:30 |
|---|---|---|

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2025<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 28/10/2025<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2025 10:10:51 | DOCUMENTO: 20251667436<br>Fecha: 28/10/2025<br>Hora: 10:10 |
|---|---|---|

## ORDE DO DÍA

## PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO P L E N O ORDINARIO DE 28 DE XULLO DE 2025

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno ordinario celebrado o 28 de xullo de 2025**.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **28 de xullo de 2025.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (grupo m. BNG.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por ***asentimento*** dos membros presentes esta acta do pleno:

***-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2025***.

### 2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO E X T R A ORDINARIO DE 14 DE AGOSTO DE 2025.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno extraordinario celebrado o 14 de agosto de 2025**.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria** do día **14 de agosto de 2025.**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (grupo m. BNG.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por ***asentimento*** dos membros presentes esta acta do pleno:

***-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 14 de agosto de 2025***.

### 3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO E X T R A ORDINARIO DE 14 DE AGOSTO DE 2025 (celebrado a instancia da ¼ parte do número legal de membros da Corporación)

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno extraordinario celebrado o 14 de agosto de 2025 (celebrado a instancia da ¼ parte do número legal de membros da Corporación)**



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8
07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025<br>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45 | DOCUMENTO: 20251653139<br>Fecha: 03/10/2025<br>Hora: 15:30 |
|---|---|---|

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2025<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 28/10/2025<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2025 10:10:51 | DOCUMENTO: 20251667436<br>Fecha: 28/10/2025<br>Hora: 10:10 |
|---|---|---|

Concello de Ribeira

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión extraordinaria** do día **14 de agosto de 2025(celebrado a instancia da ¼ parte do número legal de membros da Corporación).**

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente** (grupo m. BNG.) dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por ***asentimento*** dos membros presentes esta acta do pleno:

***-Acta do Pleno da sesión extraordinaria celebrada o 14 de agosto de 2025*** **(instancia da ¼ parte do número legal de membros da Corporación)**.

## 4.-MOCIÓN CIDADÁ DA ANPA SANTA UXÍA EN DEFENSA DAS REIVINDICACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP O GRUPO DE RIBEIRA.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Regulamento de Participación Cidadá, por parte do Presidente da Anpa Santa Uxía (CEIP o Grupo de Ribeira) dase consta da seguinte moción:

***"MOCIÓN CIDADÁ DA ANPA SANTA UXÍA EN DEFENSA DAS REIVINDICACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP O GRUPO DE RIBEIRA.***

***Pleno ordinario do luns 29 de setembro de 2025.***

*Ao Alcalde-Presidente e membros da Corporación Municipal do Concello de Ribeira.*

*Señor Alcalde, Luís Pérez Barral, señoras e señores membros da Corporación Municipal, boa tarde e moitas grazas pola admisión desta moción cidadá e pola atención prestada.*

*Como sabedes, dende o primeiro día de curso, o pasado 8 de setembro, a ANPA SANTA UXÍA que representa ás familias do CEIP O GRUPO DE RIBEIRA, ven realizando unha serie de actos reivindicativos e de protesta fronte á que consideramos unha situación inxusta, indignante e ilegal, que é entre outras problemáticas, a falta dun titor/a de Educación Primaria que se faga cargo do curso de 3ºB, un grupo de 23 nenos e nenas de 7 e 8 anos, algúns deles, con necesidades educativas especiais moi graves.*

*A falta dun titor/a de referencia é un caso gravísimo de merma na calidade no ensino público, un recorte máis da Xunta de Galicia, que programa os recursos en función de números e non en función das necesidades reais, das casuísticas e das características diversas dos centros educativos. No artigo 5 do Currículo de Educación Primaria publicado na Orde 26 de maio de 2023 do Decreto 155/2022 de 15 de setembro, recóllese que todas as unidades de primaria deberán contar cun titor/a de referencia citando textualmente "Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha persoa titora que se responsabilizará da atención e do seguimento personalizado do alumnado do grupo, así como da orientación da aprendizaxe e do apoio no seu proceso educativo", polo tanto indica que ese titor debe ser o mestre que imparta as materias troncais como as linguas, matemáticas e ciencias e coñeza as características particulares de cada alumno/a para intervir correctamente na súa aprendizaxe.*

*A situación xerada xurde de algo moi común, a baixa da titora titular dese curso por ter concedida unha comisión de servizos por conciliación familiar, comisión que se lle concedeu no mes de xullo, e ao quedar a súa praza vacante, debía ser cuberta de xeito automático pola administración coas listas de substitución de interinaxe. Este feito foi advertido en varias ocasións pola dirección do colexio á inspectora que respondeu sempre que a substitución sería automática. Tras varios nomeamentos de mestres sen que ese se producira e tras varios avisos por parte da dirección reclamando ese titor/a substituto, o último día antes de comezar o curso, venres 5 de setembro, comunicouse á directora que non se ía enviar e que a solución que se daba para o curso de 3ºB de Primaria era que foxe co-titorizado por*



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8
07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45

DOCUMENTO: 20251653139
Fecha: 03/10/2025
Hora: 15:30

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2025
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 28/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2025 10:10:51

DOCUMENTO: 20251667436
Fecha: 28/10/2025
Hora: 10:10

*outro dos mestres existentes no colexio e que as materias lle foxen impartidas polo resto do profesorado coas horas de garda, xa que o colexio tiña o catálogo completo, incluso o excedía, polo que o colexio tiña mestres de máis.*

*A dirección do colexio, que tiña xa organizado o plan de horarios dos mestres tras a celebración do claustro onde se nomearon os tores/as de cada curso de infantil e primaria, quedou perplexa e sen saber como actuar, xa que en todo momento se contaba con ese substituto que tiña que ter vido de xeito automático cubrindo a vacante xerada.*

*Ante esta situación, a dirección pediu a Inspección e Xefatura Territorial de xeito verbal e por escrito que enviaran a ese titor sentíndose desprotexidas, abandonadas e incapaces de atopar solución a cubrir a clase de 3ºB sen restar horas de proxectos, especialidades, gardas e outras tarefas ao resto do profesorado, o cal suporía un gravísimo prexuízo para o conxunto do alumando do colexio, chegando a presentar a dimisión en bloque da equipa directiva, a cal non foi admitida por Inspección obrigándolles ademais a resolver eles o problema buscando dese xeito un enfrontamento entre a dirección e o claustro de mestras e as familias.*

*Cabe recordar aquí que estamos a falar do principal colexio público do municipio de Ribeira, un centro educativo que ten máis de 400 alumnos de 2 a 12 anos dende infantill a primaria, onde aproximadamente o 25% é alumnado diagnosticado con NEAE, un cento de cativos con necesidades especiais de todo tipo como TEA, TDAH, parálise cerebral, síndrome de down, dislexias, altas capacidades, etc; un colexio multicultural, con diversidade de nacionalidades, crenzas, rendas... un colexio que é exemplo de convivenza e onde ao longo dos anos a comunidade educativa; familias, profesorado, equipo directivo e resto de persoal, leva realizando unha labor de comunidade, integración e participación social. Todas as clases superan os 20 alumnos/as chegando moitas delas ao tope de ratio por mestre cifrado en 25 sen ponderación.*

*Dicía a consellería en notas de prensa que había aínda 20 prazas libres, 20 prazas que serán cubertas ao longo do ano como sucede habitualmente cando moitos cativos regresan ás aulas despois de estar coas súas familias que traballan fora, tendo en conta ademais que temos 19 unidades de infantil e primaria polo que esas prazas poden ser un ou dous nenos por aula, como pase no 3ºB que son 23 alumnos; trátase polo tanto doutra cifra empregada de xeito demagóxico por parte da Consellería de Educación.*

*O alumnado de Primaria, dado as súas idades, necesita una mestre/a de referencia non só a nivel académico, senón tamén emocional, que sexa quen de ocuparse das particularidades de cada alumno, nenos de 7 e 8 anos neste caso, e non pasar todo o curso con profesorado diferente para cada materia sen saber a quen dirixirse, un profesorado que non poderá atender debidamente ao contar só cunha sesión diaria nesa aula; polo que non falamos só dun dano académico senón que vai moito máis alá, un dano emocional que os perseguirá e marcará ao longo de toda a etapa de Primaria.*

*Queremos polo tanto deixar patente que a falta de titor/a non afecta unicamente ao 3ºB, senón ao conxunto do colexio, aos 412 alumnos/as que temos na actualidade, xa que o profesorado por atender a ese curso non poderá ocuparse dos proxectos nos que o centro leva anos traballando; de inclusión, medio ambiente, biblioteca, radio escolar, hábitos saudables, club de lectura, plan xogade, novas tecnoloxías e outros; tampouco poderán atender as faltas puntuais de mestres por falta de garda, deixando puntualmente a outras clases desatendidas ou non se poderá realizar o programa de inmersión lingüística fundamental neste centro no que moito do alumnado non coñece nin o castelán, galego ou inglés ao ser de procedencia árabe-francófona. Ademais en calquera momento a inspección ou dirección pode determinar que un titor doutro curso se faga cargo do 3ºB e a problemática directa pasaría a afectar a calquera outra curso de primaria.*

*É certo tamén que o colexio carece doutros recursos, ten unha eiva importante en canto a espazos ao non contar con aulas de especialidades polo que é imprescindible a reforma integral do edificio da vella comisaría de Policía por parte da Xunta; lembramos que o arranxo das aulas do baixo correu integramente por parte do Concello sen ter a competencia para elo. Tamén precisa a urxente reparación da cuberta do edificio de Infantil, o arranxo do pavillón ou o pintado exterior do edificio principal. En canto a recursos humanos, falta persoal NEAE, de apoio, desdobres para os sextos de Primaria, coidadores... Nos nosos escritos reivindicamos tamén a solución a estes problemas pero o que hoxe nos trae aquí é a urxente necesidade de cubrir cun mestre de primaria a falta de titor no 3ºB.*

*O primeiro día de curso, 08 de setembro, a primeira hora, presentamos ante Inspección Educativa e Xefatura Territorial o escrito coas nosas demandas e ata o día de hoxe ningún deles se puxo en contacto con nós, tendo que coñecer as distintas respostas a través das notas de prensa que ía enviando a Consellería así como o que comunicaban ao equipo directivo; a señora Inspectora estivo no colexio o 10 de setembro, reunida a porta pechada co equipo directivo e pese a ofrecerlle recibir á Anpa, declinou facelo deixando patente a falta de respecto que ten polas familias, obrigando á equipa directiva a continuar e reafirmándose na resposta dada, insistindo, e cito textualmente a súa nota de prensa, que «o colexio dispón de todos os recursos e profesionais necesarios».*

*Isto é unha manipulación da verdade, pois é certo que o catálogo do centro está completo, pero tamén o é que está totalmente obsoleto, pois contempla 12 unidades de primaria e o colexio ten 13; contempla ademais 2 PT, 1 AL e unha orientadora para un cento de cativos/as con necesidades educativas especiais diagnosticadas. Mirar números, cifras, datos*



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8
07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45

DOCUMENTO: 20251653139
Fecha: 03/10/2025
Hora: 15:30

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2025
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 28/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2025 10:10:51

DOCUMENTO: 20251667436
Fecha: 28/10/2025
Hora: 10:10

*ecartosenlugar de nenos e nenas, familias e calidade no ensino é ao que a Consellería de Educación nos ten acostumados, un mal endémico que produce recortes continuos curso tras curso en Galicia.*

*Non imos polo tanto tolerar esta falta de respecto ao non ter resposta algunha aos nosos escritos; tampouco imos tolerar que 3ºB quede sen titor/a todo o curso e imos proseguir cos actos reivindicativos de protesta ata que solucionen este asunto, que unicamente pasa polo nomeamento dun mestre/a de primaria substituto. Como sabedes organizamos concentracións, caceroladas, asembleas, recollida de sinaturas, participamos en manifestacións do ensino e continuaremos sen cesar neste camiño. Hoxe damos un paso máis, pedindo o apoio unánime da Corporación Municipal á nosa demanda, e polo tanto,*

***SOLICITAMOS OS SEGUINTES ACORDOS,***

***1.- A CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA, INSTA Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL A NOMEAR DE XEITO INMEDIATO UN MESTRE OU MESTRA DE PRIMARIA PARA TITORIZAR O CUROS DE 3º B DO CEIP O GRUPO DE RIBEIRA.***

***2.- A CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA, INSTA Á XUNTA DE GALICIA A REALIZAR AS OBRAS DE MELLORA INMEDIATAS E URXENTES NO CEIP O GRUPO DE RIBEIRA, COMO SON A REFORMA INTEGRAL DO EDIFICIO DA VELLA COMISARÍA DE POLICÍA, O ARRANXO DA CUBERTA DO EDIFICIO ANEXO-INFANTIL E O PINTADO EXTERIOR DO EDIFICIO PRINCIPAL".***

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da moción cidadá, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria a mesma co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21 ( 5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe ,10 PP)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidade*** dos seus vinteún membros de dereito **aprobala** moción transcrita sobre **MOCIÓN CIDADÁ DA ANPA SANTA UXÍA EN DEFENSA DAS REIVINDICACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP O GRUPO DE RIBEIRA** e, en consecuencia aproba:

***PRIMEIRO:-* *A CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA, INSTA Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL A NOMEAR DE XEITO INMEDIATO UN MESTRE OU MESTRA DE PRIMARIA PARA TITORIZAR O CUROS DE 3º B DO CEIP O GRUPO DE RIBEIRA.***

***SEGUNDO:-A CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIBEIRA, INSTA Á XUNTA DE GALICIA A REALIZAR AS OBRAS DE MELLORA INMEDIATAS E URXENTES NO CEIP O GRUPO DE RIBEIRA, COMO SON A REFORMA INTEGRAL DO EDIFICIO DA VELLA COMISARÍA DE POLICÍA, O ARRANXO DA CUBERTA DO EDIFICIO ANEXO-INFANTIL E O PINTADO EXTERIOR DO EDIFICIO PRINCIPAL".***

## 5.-APROBACIÓN CONTA XERAL 2024.



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8

07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45

DOCUMENTO: 20251653139
Fecha: 03/10/2025
Hora: 15:30

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2025
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 28/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2025 10:10:51

DOCUMENTO: 20251667436
Fecha: 28/10/2025
Hora: 10:10

Dase conta ao Pleno da Corporación dunha proposta de Alcaldía de data 24 de setembro de 2025 do seguinte tenor literal:

*"Visto que a Intervención municipal procedeu á formación da Conta Xeral do exercicio 2024, acompañada dos correspondentes informes.*

*Visto que a Comisión Especial de Contas do día 1 de setembro de 2025 ditaminou favorablemente a mesma, e que estivo en exposición pública ata o día 24 de setembro sen que se presentaran reclamacións ou alegacións.*

*De acordo co contido dos artigos 200 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.*

*PROPOÑO AO PLENO:*

***Primeiro**:-A aprobación da Conta Xeral do exercicio 2024.*

***Segundo**:-A súa posterior remisión ao Consello de Contas de Galicia a efectos do seu control externo".*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria a proposta transcrita, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 10 PP**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** dos seus vinteún membros de dereito **aprobala** proposta transcrita, sobre **APROBACIÓN CONTA XERAL 2024**e, en consecuencia aproba:

***PRIMEIRO**:-A aprobación da Conta Xeral do exercicio 2024.*

***SEGUNDO**:-A súa posterior remisión ao Consello de Contas de Galicia a efectos do seu control externo".*

## 6.-MODIFICACIÓN Nº 2 DA BASE DE EXECUCIÓN Nº 51 DO ORZAMENTO.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2025 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 8 de setembro de 2025 do seguinte tenor literal



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8

CSV: 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025<br>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45 | DOCUMENTO: 20251653139<br>Fecha: 03/10/2025<br>Hora: 15:30 |
|---|---|---|

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2025<br>MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 28/10/2025<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2025 10:10:51 | DOCUMENTO: 20251667436<br>Fecha: 28/10/2025<br>Hora: 10:10 |
|---|---|---|

*"Na data actual o Orzamento do Concello de Ribeira atópase en situación de prórroga. Debido a isto, a concesión das subvencións nominativas reflectidas no orzamento de 2024 non se entende prorrogada polo que debe ser ratificada novamente polo Pleno da Corporación a través da modificación da Base nº 51 de execución do orzamento*

*Visto o acordo plenario de data 14 de agosto de 2025.*

*Visto o informe de Intervención.*

*Polo tanto, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Modificar a base nº 51 de execución do orzamento, establecendo as seguintes subvencións nominativas:*

| | **Beneficiario** | | |
|---|---|---|---|
| **Obxecto e Finalidades** | **NIF** | **Denominación** | **Importe** |
| Diversidade funcional – Convenio Asociación AMBAR | G15052434 | AMBAR | 3.400,00 € |
| Diversidade funcional – Convenio Asociación AMICOS | G15747678 | AMICOS | 3.400,00 € |
| Diversidade funcional - Convenio Asociación A CREBA | G15476310 | A CREBA | 3.400,00 € |
| Atención a infancia - Convenio Asociación FAIBEN | G27713379 | FAIBEN | 3.400,00 € |
| Campañas de prevención – Convenio Asociación Renacer | G15281611 | Asociación Antidroga Renacer | 3.400,00 € |
| Programa emerxencia social – Convenio Cáritas | R1500053B | CÁRITAS DIOCESANA | 3.400,00 € |
| Programa emerxencia social – Convenio Cruz Roja | Q2866001G | CRUZ ROJA | 3.400,00 € |
| Programa Universidade de Maiores | Q1518001A | Convenio USC | 18.000,00 € |
| Contribución ao sostemento do Museo Etnográfico de Artes | G15140320 | Centro Recreativo e Cultural de Artes | 15.000,00 € |
| Subvención Festa da Dorna 2025 | G15315682 | Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna | 40.000,00 € |
| Subvención Festa do Percebe 2025 | G15027220 | Cofradía de pescadores de Carreira y Aguiño | 15.000,00 € |
| Convenio Club Náutico – Fomento Escola de Vela | G15033152 | Club Náutico Riveira | 3.500,00 € |
| Convenio Asoc. Lajareu por Barlovento – Fomento Vela Tradicional | G15549090 | Asociación Cultural Lajareu por Barlovento | 2.000,00 € |
| Subvención Festa da Navalla 2025 | G70368261 | Asociación Cultural O Serriño os Mellores de Aguiño | 4.000,00 € |
| Campaña comercio de Nadal 2024/2025 – Convenio | G15045594 | Asociación de Empresarios de Ribeira | 5.000,00 € |
| Contribución á Feira Gastromar | G15045594 | Asociación de Empresarios de Ribeira | 20.000,00 € |
| Contribución campañas apoio ao comercio 2025 | G15045594 | Asociación de Empresarios de Ribeira | 20.000,00 € |



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8

07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45

DOCUMENTO: 20251653139
Fecha: 03/10/2025
Hora: 15:30

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2025
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 28/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2025 10:10:51

DOCUMENTO: 20251667436
Fecha: 28/10/2025
Hora: 10:10

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Contribución á concentración moteira en Ribeira 2025* | *G70512199* | *Asociación Motoclub Os Reventapistóns* | *5.500,00 €* |
| *Confinanciamento progr. FO200* | *G15798168* | *Fundación Museo Artes Grabado* | *15.500,00 €* |
| *Programa axuda contra o cancro* | *G28197564* | *Asociación española contra o cáncer* | *3.400,00 €* |
| *Proxecto Ágape Refórzate* | *G72395023* | *ASOCIACIÓN GALEGA PARA O ACOMPAÑAMENTO PERSOAL E EDUCACTIVO* | *3.400,00 €* |
| *Convenio* | *G15108814* | *Liceo Marítimo de Ribeira* | *2.500,00 €* |
| *Convenio* | *R1500363E* | *ICE Renovación* | *3.400,00 €* |
| *Subvención XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia* | *G36231561* | *Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, CULTURMAR* | *40.000,00 €* |

*2.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.*

*3.- Que non suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello".*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2025, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21 ( 5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe ,10 PP)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidade*** dos seus vinteún membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2025, sobre **MODIFICACIÓN Nº 2 DAS BASES DE EXECUCIÓN (51) DO ORZAMENTO DE 2025, PRORROGADO DE 2024.** e, en consecuencia aproba:

***PRIMEIRO:-*** *Modificar a base nº 51 de execución do orzamento, establecendo as seguintes subvencións nominativas:*

| | ***Beneficiario*** | | |
|---|---|---|---|
| ***Obxecto e Finalidades*** | ***NIF*** | ***Denominación*** | ***Importe*** |



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8
07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45

DOCUMENTO: 20251653139
Fecha: 03/10/2025
Hora: 15:30

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2025
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 28/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2025 10:10:51

DOCUMENTO: 20251667436
Fecha: 28/10/2025
Hora: 10:10

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Diversidade funcional – Convenio Asociación AMBAR* | *G15052434* | *AMBAR* | *3.400,00 €* |
| *Diversidade funcional – Convenio Asociación AMICOS* | *G15747678* | *AMICOS* | *3.400,00 €* |
| *Diversidade funcional - Convenio Asociación A CREBA* | *G15476310* | *A CREBA* | *3.400,00 €* |
| *Atención a infancia - Convenio Asociación FAIBEN* | *G27713379* | *FAIBEN* | *3.400,00 €* |
| *Campañas de prevención – Convenio Asociación Renacer* | *G15281611* | *Asociación Antidroga Renacer* | *3.400,00 €* |
| *Programa emerxencia social – Convenio Cáritas* | *R1500053B* | *CÁRITAS DIOCESANA* | *3.400,00 €* |
| *Programa emerxencia social – Convenio Cruz Roja* | *Q2866001G* | *CRUZ ROJA* | *3.400,00 €* |
| *Programa Universidade de Maiores* | *Q1518001A* | *Convenio USC* | *18.000,00 €* |
| *Contribución ao sostemento do Museo Etnográfico de Artes* | *G15140320* | *Centro Recreativo e Cultural de Artes* | *15.000,00 €* |
| *Subvención Festa da Dorna 2025* | *G15315682* | *Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna* | *40.000,00 €* |
| *Subvención Festa do Percebe 2025* | *G15027220* | *Cofradía de pescadores de Carreira y Aguiño* | *15.000,00 €* |
| *Convenio Club Náutico – Fomento Escola de Vela* | *G15033152* | *Club Náutico Riveira* | *3.500,00 €* |
| *Convenio Asoc. Lajareu por Barlovento – Fomento Vela Tradicional* | *G15549090* | *Asociación Cultural Lajareu por Barlovento* | *2.000,00 €* |
| *Subvención Festa da Navalla 2025* | *G70368261* | *Asociación Cultural O Serriño os Mellores de Aguiño* | *4.000,00 €* |
| *Campaña comercio de Nadal 2024/2025 – Convenio* | *G15045594* | *Asociación de Empresarios de Ribeira* | *5.000,00 €* |
| *Contribución á Feira Gastromar* | *G15045594* | *Asociación de Empresarios de Ribeira* | *20.000,00 €* |
| *Contribución campañas apoio ao comercio 2025* | *G15045594* | *Asociación de Empresarios de Ribeira* | *20.000,00 €* |
| *Contribución á concentración moteira en Ribeira 2025* | *G70512199* | *Asociación Motoclub Os Reventapistóns* | *5.500,00 €* |
| *Confinanciamento progr. FO200* | *G15798168* | *Fundación Museo Artes Grabado* | *15.500,00 €* |
| *Programa axuda contra o cancro* | *G28197564* | *Asociación española contra o cáncer* | *3.400,00 €* |
| *Proxecto Ágape Refórzate* | *G72395023* | *ASOCIACIÓN GALEGA PARA O ACOMPAÑAMENTO PERSOAL E EDUCACTIVO* | *3.400,00 €* |
| *Convenio* | *G15108814* | *Liceo Marítimo de Ribeira* | *2.500,00 €* |
| *Convenio* | *R1500363E* | *ICE Renovación* | *3.400,00 €* |
| *Subvención XVII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia* | *G36231561* | *Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, CULTURMAR* | *40.000,00 €* |



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8
07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45

DOCUMENTO: 20251653139
Fecha: 03/10/2025
Hora: 15:30

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/10/2025
MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDESA PRESIDENTA - 28/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/10/2025 10:10:51

DOCUMENTO: 20251667436
Fecha: 28/10/2025
Hora: 10:10

***SEGUNDO**:- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.*

***TERCEIRO**:- Que non suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello".*

## 7.- APROBACIÓN INICIAL DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2025.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2025 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 10 de setembro de 2025 do seguinte tenor literal:

*"Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno para a súa consideración e, se procede, aprobación, a seguinte proposta de acordo:*

***1º.-"Aprobación inicial do CRÉDITO EXTRAORDINARIO 3/2025, segundo o seguinte detalle:***

| ***APLICACIÓN GASTOS*** | ***DENOMINACIÓN*** | ***IMPORTE*** |
|---|---|---|
| *459.63931* | *Mellora accesibilidade praza do Concello* | *51.772,72* |
| *933.63222* | *Instalación ascensor Casa Consistorial* | *48.327,61* |
| ***APLICACIÓN INGRESOS*** | ***DENOMINACIÓN*** | ***IMPORTE*** |
| *870.00* | *Remanente líquido de tesourería para gastos xerais* | *100.100,33* |

*2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.*

*3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello".*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as intervencións nos termos que obran no arquivo audiovisual que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 23 de setembro de 2025, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 21 ( 5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe ,10 PP)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**



CSV: 07E90019399300X0C9G9E9T6I8

07E90019716C00P4W0D9Y3Y1M9

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E90019399300X0C9G9E9T6I8 en la Sede Electrónica de la Entidad
FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 03/10/2025
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 03/10/2025
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/10/2025 15:30:45
DOCUMENTO: 20251653139
Fecha: 03/10/2025
Hora: 15:30

